

Día da Biblioteca.

Recomendámosche.

Aula 3º B

24 de
outubro

O Día da Biblioteca celébrase cada 24 de outubro dende o ano 1997. Este día naceu por iniciativa da Asociación Española de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil co obxectivo de concienciar á sociedade da importancia da lectura e como homenaxe e recoñecemento á labor dos bibliotecarios/as.

A aula de 3º B do CEIP Virxe de Covadonga quere, este día, recomendar algúns libros dos que levamos lido este curso; por iso facemos un debuxo e un comentario dalgúnhas das cousas que máis nos gustaron e das ensinanzas destas historias. Esperamos que vos gusten e vos animedes a lelas.



A GALIÑA AZUL
Carlos Casares

JUAN, JULIA E JERICÓ.
Christine Nöstlinger

Esta é unha historia que fala da **AMIZADE**; os protagonistas son un neno e unha nena que teñen cousas en común (o seu pelo, un pé máis grande que outro...)


Tamén fala da importancia de **COMPARTIR**; Juan e Julia comparten xogos, calzados e... ata as súas mascotas.


Outra cousa que nos ensina é a **SINCERIDADE**, pois Julia quere enganar ao seu avó, pero non o consegue.

Se queredes saber máis animádevos a lelo.

Cantas cousas aprendemos con este conto!:

- Aínda que sexamos distintos temos que **RESPECTAR** a todos (igual que á Galiza azul, aínda que sexa doutra cor)
- Temos que **AXUDAR** aos demais, poñernos no seu lugar (coma o peixe que se sacrifica polo paxaro, dando a súa vida por darlle de beber)
- Debemos **ESFORZARNOS** e buscar a **SUPERACIÓN** (como fai a formiga coxa que traballa tanto ou máis que as outras)
- Que boa idea una BOMBA da **FELICIDADE!**, gran idea de Leoncio; una bomba que estoupe e non mate a ninguén, senón que faga rir.





A ANCIANA QUE VIVÍA NUN TIOVIVO. Ruth Silvestre

Esta historia gustounos moito porque o seu protagonista é un neno aventureiro; gústalle explorar e hai un misterio que resolver. Tamén hai una anciana, o neno é cariñoso con ela; axúdaa e faille compañía... **temos que coidar dos nosos maiores!**



A VOZ DOS SOÑOS E OUTOS CONTOS PRODIXIOSOS.

Neste libro hai varios contos populares; cada conto ten unha mensaxe:

- Debemos confiar e **perseguir os nosos soños** e o que nos gusta.
- Debemos **respectar** aos que teñen algún problema; non está ben intentar enganalos...poden ser tan intelixentes ou máis que nós.
- O que importa é a **beleza interior**; non debemos querer cambiar aos demáis ao noso gusto.
- Moi importante é a **prudencia** e saber gardar un secreto.